


**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 22.01.2019

Hora: 10:30



A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 22 de xaneiro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único: Proposicións non de lei

- 2.1 36819 (10/PNC-002965)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Fernández, Raúl e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de prevención dos danos ocasionados polo lobo, así como a divulgación, o asesoramento e a investigación relacionada con esa especie
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 362, do 26.09.2018
- 2.2 38763 (10/PNC-003102)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería do Medio Rural en relación co uso das lamas procedentes da depuración, así como dos residuos de hidróxido de calcio procedentes do Principado de Asturias, como fertilizantes das terras de cultivo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018
- 2.3 40195 (10/PNC-003245)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto dos trámites administrativos que teñen que realizar os concellos en relación coa limpeza e conservación das fincas e faixas de protección dos núcleos de poboación, así como os traballos técnicos de redacción e elaboración dos planos que delimitarán esas faixas de protección
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 386, do 21.11.2018
- 2.4 41018 (10/PNC-003332)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central

en relación coa oportunidade que supón para Galicia a nova política agraria común para o período 2021-2027

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018

- 2.5 41216 (10/PNC-003349)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas perdas que está a padecer o sector gandeiro a consecuencia dos ataques do lobo e doutros animais carnívoros
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 397, do 13.12.2018
- 2.6 41682 (10/PNC-003396)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa etiquetaxe do mel
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 400, do 18.12.2018
- 2.7 41855 (10/PNC-003410)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as actuacións da Xunta de Galicia en relación cos traballos que se están a levar a cabo no proceso de concentración parcelaria Meavía-Quintillán, no concello de Forcarei (Pontevedra)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 405, do 03.01.2019


Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019

Daniel Vega Pérez

Presidente da Comisión



Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 14/01/2019 13:28:39

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Daniel Vega Pérez	P
Vicepresidenta	
Rosa Oubiña Solla	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Raúl Fernández Fernández	S
Carlos Gómez Salgado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM
Antón Sánchez García	EM

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 22.01.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 22.01.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 36819(10/PNC-002965)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de prevención dos danos ocasionados polo lobo, así como a divulgación, o asesoramento e a investigación relacionada con esa especie

Publicación da iniciativa, 362, 26.09.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2018 10:57
Nº Rexistro: 36819
Data envío: 14/09/2018 10:57:06.238



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, **Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Exposición de motivos

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio vén de anunciar que non se convocarán axudas para realizar accións preventivas polos danos do lobo neste ano 2018 a pesares do ascenso que se ten dado no número de animais mortos por este animal salvaxe. En dous anos a cifra duplicouse, tendo o ano 2017 o dobre de animais mortos polo lobo que o 2015, segundo datos da propia Consellería de Medio Ambiente.

Sen embargo, este aumento de ataques ocasionados polo lobo non se ten traducido en medidas concretas por parte da Xunta de Galicia. Se nos centramos no Plan de xestión do lobo, vemos que se establecen unha serie de accións e medidas preventivas para unha convivencia sostible entre a fauna salvaxe e a actividade agropecuaria. Non obstante, unicamente estanse a realizar os pagos por danos directos, deixando en evidencia a falta de planificación e de xestión da Administración autonómica galega.

A devandita falta de planificación da Xunta de Galicia viuse reflectida, tamén, os anos anteriores co tempo e forma das axudas outorgadas para a implantación das medidas preventivas fronte os ataques á gandaría. A única posibilidade de acceder ás axudas eran 6 días reais (descontando xa festivos e fins de semana) nas que os/as solicitantes tiñan que realizar todos os trámites necesarios para a adquisición de cans protectores. Un tempo realmente insuficiente.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Está situación, agravada polo retraso nos pagos das indemnizacións por danos ocasionados ao gando, o único que fai é perpetuar a problemática e xerar unha desafección por parte do sector agropecuario ante a fauna salvaxe.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1) Crear partidas orzamentarias concretas de axudas co fin de prever os danos ocasionados polo lobo (con investimento suficiente e prazos reais e asumibles) como son a adquisicións de mastíns, peches fixos con malla e os electrificados, entre outros.
- 2) Aumentar o investimento en partidas específicas para a divulgación, o asesoramento e a investigación relacionada co lobo.
- 3) Incluír na redacción e elaboración da Orde de prevención dos danos ocasionados polo lobo do ano 2019 ao sector afectado a través dos diferentes actores máis representativos, tanto ao sector agrogandeiro como ás entidades que promoven unha convivencia entre a fauna salvaxe e a actividade humana.

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2018

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
José Manuel Pérez Seco
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2018 10:57
Nº Rexistro: 36819
Data envío: 14/09/2018 10:57:06.238



 [Grupo Parlamentario](#)

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 14/09/2018 10:55:04

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/09/2018 10:55:09

Jóse Manuel Pérez Seco na data 14/09/2018 10:55:14

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/09/2018 10:55:18

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 22.01.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 38763(10/PNC-003102)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería do Medio Rural en relación co uso das lamas procedentes da depuración, así como dos residuos de hidróxido de calcio procedentes do Principado de Asturias, como fertilizantes das terras de cultivo

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 17:59
Nº Rexistro: 38763
Data envío: 15/10/2018 17:59:42.031

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na localidade de Bervola do concello de Llanera (Asturias) chegaron a acumularse 41.612m³ de hidróxido de calcio por parte da sociedade Epa Calprin. Este residuo estivo máis de 20 anos á intemperie e sen protección que evitase a filtración ó solo. Houbo numerosos expedientes sancionadores ata que o Principado de Asturias denunciou a situación á Fiscalía e en marzo de 1999 foi condenado o promotor, coma responsable dun delito contra o medio ambiente, á retirada do depósito e limpeza do terreo.

A sociedade desapareceu e os seus bens tamén e a Fiscalía requiriu o cumprimento da sentenza ó Principado que en 2016 contratou a Cogersa para a retirada dunha primeira partida de 8.300 Tm.

Ante a imposibilidade de valorizar estes residuos desde esta empresa, estes foron levados ó vertedoiro de residuos perigosos de complexo de Serín.

Logo o Principado de Asturias sacou un concurso e adjudicou o contrato á mercantil CESP A Gestión de Residuos SA do grupo Ferrovial, para traballos de carga,



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 17:59
Nº Rexistro: 38763

Data envío: 15/10/2018 17:59:42.031

transporte e entrega ó xestor autorizado dos residuos pra operacións de valorización do acopio de hidróxido de calcio situado na antiga EPA CALPRIN e o acondicionamento final na Bervola nun prazo de 38 meses desde o 16-11-2017por un importe de 1.596.657euros.

O curioso da valorización deste residuo é que a primeiras toneladas deste material 8300, ó parecer, están sendo regaladas pola sociedade CESPAS Gestión de Residuos SA do grupo Ferrovial a agricultores galegos para uso agrícola sen lles advertir da súa procedencia e o risco que poida supoñer este residuo perigoso. Negocio redondo.

Ó mesmo tempo, e dende hai xa varios anos, estase utilizando coma fertilizante por algúns agricultores, especialmente nas terras adicadas a millo forraxeiro dalgunhas zonas, lodos e lamas procedentes de Edares.

Cónstanos a falta de información sobre o uso correcto dos mesmos por parte da maioría de agricultores, dos concellos e dos cidadáns en xeral. O altísimo contido destas lamas en metais pesados e outras substancias potencialmente tóxicas, o seu uso descontrolado e a falta de seguimento e control por parte das administracións, a posible contaminación de acuíferos, ríos e regatos, fai que o Grupo Parlamentar do BNG presente a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

- Que a Consellería de Medio Rural arbitre as medidas necesarias para controlar o uso destas lamas procedentes da depuración.
- Que se deseñen e realicen campañas de información e formación dos agricultores sobre lexislación e uso destas lamas coma fertilizantes.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 17:59
Nº Rexistro: 38763

Data envío: 15/10/2018 17:59:42.031

-Que faga un seguimento do estado das terras de cultivo que utilizan ou utilizaron lamas de depuración no tocante a metais pesados e outras substancias así coma das augas próximas.

- Que faga un seguimento dos residuos de hidróxido de calcio procedentes do Principado de Asturias e regalados a agricultores galegos para pescudar a súa perigosidade e actuar en consecuencia.”

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/10/2018 17:53:32



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 17:59
Nº Rexistro: 38763
Data envío: 15/10/2018 17:59:42.031

María Montserrat Prado Cores na data 15/10/2018 17:53:36

Ana Pontón Mondelo na data 15/10/2018 17:53:37

Olalla Rodil Fernández na data 15/10/2018 17:53:38

Noa Presas Bergantiños na data 15/10/2018 17:53:40

Xosé Luis Bará Torres na data 15/10/2018 17:53:41

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 22.01.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 40195(10/PNC-003245)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto dos trámites administrativos que teñen que realizar os concellos en relación coa limpeza e conservación das fincas e faixas de protección dos núcleos de poboación, así como os traballos técnicos de redacción e elaboración dos planos que delimitarán esas faixas de protección

Publicación da iniciativa, 386, 21.11.2018

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jacobo Moreira Ferro, Daniel Vega Pérez e Rosa Oubiña Solla**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

A Lei 3/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia establece que a obriga de limpar as faixas secundarias de protección é dos propietarios, e no caso de que estes non cumpran coas súas responsabilidades, a acción subsidiaria é municipal.

Despois da vaga de incendios de outubro de 2017, e a través da Lei 9/2017, de medidas fiscais e administrativas, realizáronse unha serie de modificacións. Estes cambios afectan, entre outros aspectos ás redes de faixas secundarias; é dicir, á xestión da biomasa vexetal arredor de núcleos habitados, vivendas illadas, fincas..., etc..

A xestión da biomasa nas redes secundarias, é dicir, nas franxas próximas a vivendas e núcleos habitados, corresponde en primeiro lugar aos propietarios das parcelas e, de xeito subsidiario, aos concellos. A lei obriga a “xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros”:

- a) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.
- b) Arredor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, campings, gasolineras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte.
- c) Arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

Este ano a Xunta adiantou ao 31 de maio a data límite para realizar estes traballos, que antes chegaba ata finais de xuño, medida que xerou certas dificultades na súa aplicación sobre todo para os concellos de pequeno tamaño.



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 13:51
Nº Rexistro: 40195
Data envío: 13/11/2018 13:51:42.053

O certo é que calquera persoa poderá denunciar aquelas parcelas que non cumpran co establecido na lei de prevención de incendios forestais, pero as competencias de supervisar que esas faixas estean correctamente xestionadas e a obriga comunicar as denuncias á consellería competente son dos Concellos.

Garantir o bo estado das parcelas e faixas secundarias, tal e como establece a lei, supón un esforzo para os concellos, e pese a boa vontade e interese que puxeron os alcaldes e alcaldesas de Galicia, atopáronse con moitas dificultades para o seu cumprimento.

Galicia conta con máis de 30.000 núcleos de poboación a xestionar, unha multitude de parcelas, e sobre todo, parcelas de propietario descoñecido, que imposibilitan en moitos casos as labores de limpeza tal e como quedou reflectido nas comparecencias realizadas na comisión de estudo creada trala vaga de lumes do pasado outubro.

Por iso, tendo en conta a importancia de protexer os núcleos de poboación, e a adecuada xestión das masas forestais, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Impulsar os mecanismos necesarios para que os concellos de Galicia, especialmente os máis pequenos, poidan realizar axeitadamente todos os trámites administrativos que teñen que ver coa limpeza e conservación tanto das fincas como das faixas de protección.
2. Colaborar cos concellos galegos nos traballos técnicos de redacción e elaboración dos planos que delimitarán as faixas de protección nos diferentes núcleos de poboación.”

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/11/2018 13:47:43

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 13:51
Nº Rexistro: 40195
Data envío: 13/11/2018 13:51:42.053**

Moisés Blanco Paradelo na data 13/11/2018 13:47:53

Jesús Miguel Prado Patiño na data 13/11/2018 13:48:00

Raquel Arias Rodríguez na data 13/11/2018 13:48:10

Carlos Gómez Salgado na data 13/11/2018 13:48:18

Jacobo Moreira Ferro na data 13/11/2018 13:48:26

Daniel Vega Pérez na data 13/11/2018 13:48:37

Rosa Oubiña Solla na data 13/11/2018 13:48:47

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 22.01.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 41018(10/PNC-003332)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa oportunidade que supón para Galicia a nova política agraria común para o período 2021-2027

Publicación da iniciativa, 394, 05.12.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2018 17:18:32
Nº Rexistro: 41018
Data envío: 28/11/2018 17:18:32.349



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo parlamentar de **En Marea** a través dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a**, sobre a oportunidade de Galicia coa nova Política Agraria Común.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A Política Agraria Común, máis coñecida como PAC, creada no ano 1962, constitúe unha das políticas fundamentais e un elemento esencial no sistema institucional dentro da Unión Europea, para dous sectores estratéxicos como son a agricultura e a gandería. Os seus obxectivos recóllense no artigo 39 do Tratado de Funcionamento da UE e son os seguintes:

- a) incremento da produtividade agrícola, fomentando o progreso técnico, asegurando o desenvolvemento racional da produción agrícola, así como o emprego óptimo dos factores de produción, en particular da man de obra,
- b) garantir un nivel de vida equitativo á poboación agrícola, en especial, mediante o aumento da renda individual das persoas que traballan na agricultura,
- c) estabilizar os mercados,
- d) garantir a seguridade dos abastecementos,
- e) asegurar á persoa consumidora subministrados a prezos razoables.

O 1 de xuño de 2018, a Comisión Europea presentou a proposta legislativa para o futuro da Política Agraria Común para o período posterior a 2020. Para este

CSM-REXISTRO-G66H63YWH-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





período 2021-2027, a Comisión Europea conta cun orzamento de 365.000 millóns de euros, o que implica que a PAC representa un terzo do orzamento total da UE a dividir entre as axudas directas a agricultura e medidas de mercado (1º Piar) e desenvolvemento rural (2º Piar).

Aquí e agora, os Estados membros teñen especial importancia xa que poden transferir ate o 15% das asignacións da PAC entre os pagos directos e o desenvolvemento rural e poden transferir un 15% adicional do piar 1 ao 2 para medidas medioambientais e climáticas sen cofinanciar.

Ademais, existirá un programa de investigación da UE Horizonte Europa para apoiar de xeito específico á investigación e á innovación na alimentación, a agricultura, o desenvolvemento rural e a bioeconomía, e que contará cun orzamento de 10.000 millóns máis.

Para o período entre os anos 2014-2020, o orzamento da PAC sitúase nos 408.3100 millóns de euros, dos que 308.730 millóns son para pagos directos e medidas de mercado, o primeiro piar, e 99.580 millóns de euros ao desenvolvemento rural, ou segundo piar.

No ano 2017 a Comisión Europea enviou a comunicación para que se fixesen as propostas legislativas.

Non podemos obviar a importancia que ten a PAC para Galicia, un pobo eminentemente rural, gandeiro e agrario, e pesqueiro que ten que aproveitar esta oportunidade para atraer e fixar poboación, para imbricar estes sectores claves no noso país e mellorar o tecido social e económico que permita desenvolver estas actividades sen ten que recorrer a emigración garantindo un nivel de vida equitativo ás persoas agricultoras e gandeiras e garantir tamén uns prezos na alimentación para as consumidoras.





É unha grande oportunidade para Galicia para garantir que mediante o cumprimento dos nove obxectivos marcados na PAC se contribúa a mellorar estes sectores estratéxicos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para:

- 1.- Aportar as modificacións ao Regulamento UE n.º 1308/2013 de xeito consensuado cos sectores agrícolas e gandeiros, e coas especificidades de Galicia como zona especialmente desfavorecida pola súa orografía, a dispersión poboacional e coa elaboración dun plan segundo as Rexións, con adaptación das boas prácticas agrarias ás circunstancias climáticas, orográficas e segundo o tamaño das explotacións, nomeadamente dun Plan Rexional Galego.
- 2.- Garantir no que respecta aos obxectivos xerais e específicos do FEAGA E FEADER, artigos 4 e 5 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 del Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013, sobre a financiación, xestión e seguimento da Política Agrícola Común, asegurando o financiamento por zonas desfavorecidas, orografía complexa.
- 3.- Garantir as emendas que apoiem ao sector gandeiro e nomeadamente ampliar no artigo 12 a) a anual das axudas públicas dos cultivos, 12.b) de xeito anual, no 12.c) engadir os gandos ovino e cabrún, e anualmente no apartado 12.d) anualmente e ampliar a un novo punto 12)e para o azucre con vixencia anual.
4. Engadir no artigo 75 un apartado 1, letra i quater para leite e produtos lácteos
- 5.- Suprimir no artigo 149, apartado 2, letra a)
- 6.- Substituír o apartado 1 do artigo 151 polo seguinte texto no que se recolle a obriga dos compradores de leite cru a cantidade mensual e o prezo medio aboado





así como a procedencia de procedencia da agricultura ecolóxica ou non. “A partir do 1 de abril de 2015, os primeiros compradores de leite cru, terán que declarar a autoridade nacional a cantidade de leite que lles foi entregada mensualmente e o prezo medio aboadado. Faise distinción en función de se a produción procede ou non da agricultura ecolóxica ou non.”

7.- Substituír o artigo 225, parágrafo primeiro, a letra b) sobre a elaboración dun informe o 31 de decembro dos seguintes anos 2018-2021-2024 un informe sobre a evolución da situación do mercado no sector do leite e dos produtos lácteos en particular das consecuencias para as produtoras do leite e para a produción do leite nas rexións desfavorecidas, no marco de manter a produción nesas rexións e cos incentivos para a celebración de acordos de produción conxunta e das propostas axeitadas.

8.-Garantir nos considerandos e nos artigos 10, e nos anexos á introdución do mercados ovino e cabrún, con inferioridade aos 12 meses de cría e que non se empregue o termo cordeiro nas denominacións de venda nin no etiquetado da carne de ovinos de máis de doce meses.

9.- Garantir unha maior porcentaxe de subvencións no sector apícola vista a sangría no noso territorio, no que que as abellas están a sufrir consecuencia das enfermidades e da depredación pola avespa Velutina, e tamén pola importancia que ten a abella como polinizadora.

10.- Garantir un maior apoio no sector vitivinícola incluíndo os cruces de Vitis vinífera ou Vitis labrusca, ou ben outras especies do xénero vitis.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2018 17:18:32
Nº Rexistro: 41018
Data envío: 28/11/2018 17:18:32.349



11.- Incluir na consideración de categorías de produtos vitícolas a consideración dos espumosos, de agulla, gasificado, etc.. entre as variedades.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Deputado e vicevoceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 28/11/2018 17:17:12

Antón Sánchez García na data 28/11/2018 17:17:24

CSX: REGISTRO-016H63YWH4
en marea
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 22.01.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 41216(10/PNC-003349)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas perdas que está a padecer o sector gandeiro a consecuencia dos ataques do lobo e doutros animais carnívoros

Publicación da iniciativa, 397, 13.12.2018



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario En Marea** a través da súa deputada e dos seus deputados **Luis Villares Naveira, Davide Rodríguez Estévez e Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.^a**, sobre necesidade de protección do sector gandeiro fronte aos ataques do lobo e outros carnívoros.

Exposición de motivos:

O sector gandeiro en Navia de Suarna atópase en pe de guerra. As desfeitas causadas nas leiras polos xabarís, debido á unha superpoboación engádense agora o dos ataques do lobo.

Unha Sociedade Agraria de Transformación de Vilaverde, sociedades civil con fins económicas e sociais en orde á produción, transformación e comercialización de produtos agrícolas, gandeiros ou forestais, entre outras, denuncia perdas cada semana desde o mes de setembro, que se volveron insostibles. Polo de agora, nos últimos meses contabilizan 20 reses, algunhas delas xatos con 15 días e a pleno luz do día causadas por ataques dos lobos.

O problema radica en dúas cuestións clave:

- As contías polas perdas do gando bovino en réxime extensivo, que fai que as vacas pacen libres, son máis susceptibles destes ataques, son ínfimas con respecto aos danos que provocan
- A xestión dos partes por parte da administración, a tardanza na supervisión por parte dos servizos veterinarios que teñen que dar constancia dos feitos para que se paguen esas perdas.





Todo elo supón para o sector gandeiro grandes perdas, que non está contento coas xestións e os pagos polas perdas dos animais.

A principal reclamación é que se paguen todos os danos froito destes ataques, tal e como expresou a Unión Europea, de que os ataques provocados por os grandes carnívoros como os lobos, osos, lince e glotóns son especies protexidas en Europa e conforman o anexo da Directiva Hábitat 92/43/EEC.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Estado para:

- 1.- Axilizar a xestión dos partes pos parte dos servizos veterinarios correspondentes, a fin de que os depredadores, nun segundo ataque fagan desaparecer a peza.
- 2.- Pagar o 100% da perda incrementado no lucro cesante, de tratarse de femias reprodutoras.
- 3.- Ampliar a liña de axudas para adquisición de cans de garda, liñas electrificadas, e outros sistemas que axuden a paliar os ataques destes depredadores.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Vero

Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Deputada, deputado e Voceiro do G.P. de En Marea.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2018 11:14:33
Nº Rexistro: 41216
Data envío: 03/12/2018 11:14:33.721



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 03/12/2018 11:12:42

Paula Vázquez Verao na data 03/12/2018 11:12:46

David Rodríguez Estévez na data 03/12/2018 11:12:50

CSV, REGISTRO: 03deUZI-0
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 22.01.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.6 41682(10/PNC-003396)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Goberno central en relación coa etiquetaxe do mel

Publicación da iniciativa, 400, 18.12.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2018 17:44:58
Nº Rexistro: 41682
Data envío: 12/12/2018 17:44:58.650

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza é deficitaria na produción de mel e o Estado español tamén. A lexislación europea é moi esixente nas condicións de cría das abellas e na obtención, manipulación, envasado e etiquetaxe do mel producido no seu territorio. Non o é así a lexislación que regula as importacións de meles e sucedáneos e a súa etiquetaxe e comercialización.

Esta lexislación favorece a importación masiva e a baixo prezo de mel procedente da China e doutros países, con menor valor nutricional e con escasas garantías sanitarias.

É unha situación que só favorece ás grandes multinacionais envasadoras de mel e que penaliza os apicultores de Galicia e tamén ós consumidores.

Na actualidade as modalidades de etiquetaxe serven os intereses das grandes multinacionais e en contra de produtores e consumidores locais. En concreto pódese etiquetar mel de España, mel da UE, mel da UE e outros, e máis mel de fóra. En ningunha destas etiquetas é obrigatorio especificar porcentaxes nin procedencias de tal xeito que un tarro de mel de 1000 grs. pode levar 999 grs. dun mel importado dun país

CSM-REXISTRO-INI-FI-ID=9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2018 17:44:58
Nº Registro: 41682
Data envío: 12/12/2018 17:44:58.650

de fóra da Unión e con levar 1gr. de mel de aquí xa toma carta de procedencia da Unión Europea.

Isto que é a todas luces unha fraude agrávase coa non obrigatoriedade de indicar na mesma etiqueta se o mel está pasteurizado ou non. Este feito xoga en contra do consumidor por ser a pasteurización un proceso que altera negativamente as condicións naturais, alimentarias e o equilibrio dos meles.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta a trasladar ó goberno do Estado o seguinte:

-Na etiquetaxe do mel indicaranse de forma obrigatoria o país de orixe do produto e as porcentaxes de mestura, no caso de que proceda de varios países.

-Indicarase tamén na etiquetaxe se se trata dun mel sometido a procesos de pasteurización.”

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2018 17:44:58
Nº Rexistro: 41682
Data envío: 12/12/2018 17:44:58.650

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/12/2018 17:44:23

María Montserrat Prado Cores na data 12/12/2018 17:44:29

Ana Pontón Mondelo na data 12/12/2018 17:44:31

Olalla Rodil Fernández na data 12/12/2018 17:44:33

Noa Presas Bergantiños na data 12/12/2018 17:44:34

Xosé Luis Bará Torres na data 12/12/2018 17:44:36

CSV, REGISTRO-HNFqIDsr-9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 22.01.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.7 41855(10/PNC-003410)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia en relación cos traballos que se están a levar a cabo no proceso de concentración parcelaria Meavía-Quintillán, no concello de Forcarei (Pontevedra)

Publicación da iniciativa, 405, 03.01.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2018 18:22:37
Nº Rexistro: 41855
Data envío: 18/12/2018 18:22:37.845

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

No ano 2007, a Consellería de Medio Rural aprobaba as bases definitivas da concentración parcelaria Meavía-Quintillán, no concello de Forcarei (Pontevedra), que afectou a 2.169 hectáreas, 13.283 fincas de 704 persoas propietarias. Coa concentración, pasaron a ser só 1.807 fincas, de maneira que cada dono pasou a ter un promedio de 19 fincas e cunha superficie total de 1.590 metros cadrados. En 2016, a consellería facía efectivos os actos de toma de posesión das fincas e anunciaba a entrega dos títulos de propiedade. En 2018, eses títulos aínda se estaban adecuando á Lei hipotecaria. Hoxe, xa case en 2019, di a consellería que se van rematar os trámites administrativos para a entrega deses títulos e que se reservará unha partida de máis de 300.000 euros nos orzamentos de 2019 para rematar os traballos pendentes, que consisten en camiños que quedan sen executar, moitos afectados que non teñen os accesos axeitados ás súas fincas e moitas fincas que non están en condicións de ser traballadas. De feito, hai dous camiños que nin sequera están comezados e moitos accesos ás parcelas precisan movemento de terras, ademais de que todo o viario secundario necesita intervención (o 40 por cento dos camiños están sen executar ou mal executados).

O certo é que a Xunta de Galicia leva case 12 anos enredando con esta parcelaria sen que os traballos se finalizasen definitivamente, mentres varios dos beneficiarios desta parcelaria abandonaron a actividade agrogandeira.

CSM - REXISTRO - c86a0fK6Z-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2018 18:22:37
Nº Registro: 41855
Data envío: 18/12/2018 18:22:37.846

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, con relación á concentración parcelaria Meavía-Quintillán, no concello de Forcarei (Pontevedra), a:

1. Aprobar unha modificación da partida presupostaria nos orzamentos de 2019 para rematar os traballos pendentes ata a cantidade de 600.000 euros.
2. Rematar os traballos pendentes na rede de camiños.
3. Executar as obras de acceso ás parcelas resultantes.
4. Axilizar a tramitación administrativa dos títulos de propiedade para a súa entrega inmediata.

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
José Manuel Pérez Seco
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/12/2018 18:19:56

Raúl Fernández Fernández na data 18/12/2018 18:20:02

Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/12/2018 18:20:06

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSX REGISTRO-0660FK9Z-5
Verificación
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2018 18:22:37
Nº Registro: 41855
Data envío: 18/12/2018 18:22:37.846

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/12/2018 18:20:12

CSV REGISTRO-0660FK9Z-5
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es